

**1. Constitúe o feito impoñible da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar:**

- a) a prestación do servizo de axuda no fogar exclusivamente en réxime de libre concorrència.
- b) a prestación do servizo de axuda no fogar en réxime de libre concorrència e a prestación do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia recoñecida polo Concello de Cabana de Bergantiños.
- c) a prestación do servizo de axuda no fogar en réxime de libre concorrència e a prestación do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia recoñecida pola Xunta de Galicia.
- d) A prestación do servizo de axuda no fogar exclusivamente a persoas en situación de dependencia recoñecida pola Xunta de Galicia.

**2. A efectos do previsto na lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, terán capacidade de obrar, entre outras, ante as Administracións Públicas (sinale a opción incorrecta):**

- a) as persoas físicas ou xurídicas con capacidade de obrar con arreglo a normas civís.
- b) os menores de idade para o exercicio e defensa dos dereitos e intereses cuxa actuación estea permitida polo ordenamento xurídico sen a asistencia da persoa que exerza a patria postestade, tutela ou curatela.
- c) as entidades sen personalidade xurídica, en todo caso.
- d) as entidades sen personalidade xurídica, cando a lei así o declare expresamente.

**3. Se consideran interesados, entre outros, no procedemento:**

- a) os que o promovan como titulares de dereitos ou intereses lexítimos individuais ou colectivos.
- b) os dereito habientes sempre que a sucesión da condición de interesado teña lugar no trámite de audiencia.
- c) aqueles cuxos intereses lexítimos, individuais ou colectivos, poidan resultar afectados pola resolución e se persoen no procedemento durante o trámite de audiencia.
- d) todas son correctas.

**4. As administracións públicas requirirán aos interesados o uso obrigatorio de firma:**

- a) só para formular solicitudes e presentar declaracións responsables ou comunicacións.
- b) só para formular solicitudes, presentar declaracións responsables ou comunicacións, interponer recursos, desistir de accións e renunciar a dereitos.
- c) só para formular solicitudes.
- d) Só para formular solicitudes, renunciar a dereitos e desistir de acción.

**5. En todo caso, estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos cas Administracións Públicas para a realización de calquer trámite dun procedemento administrativo:**

- a) as persoas xurídicas.
- b) quen exerza unha actividade profesional para os trámites e actuacións que realicen independentemente de que os realicen en exercicio de dita actividade profesional.
- c) as persoas físicas.
- d) quen represente a interesados que sexan persoas físicas.

**6. Os documentos electrónicos deberán conservarse nun formato que permita (sinale a resposta incorrecta):**

- a) garantir a integridade.
- b) garantir a autenticidade.
- c) **garantir a consulta ata quince anos transcorridos dende a súa emisión.**
- d) garantir a conservación.

**7. Nos casos en que proceda a comparecencia das persoas ante as oficinas públicas a citación fará constar expresamente:**

- a. lugar, data, os medios disponibles e o obxecto da comparecencia.
- b. lugar, hora e data.
- c. lugar, data, os medios disponibles, obxecto da comparecencia e efectos de non atendela.
- d. **lugar, data, hora, os medios dispoñibles e obxecto da comparecencia, así como os efectos de non atendela.**

**8. Sempre que por lei ou dereito da Unión Europea non se exprese outro cómputo, cando os prazos se sinalen por días, se entende que estos son:**

- a) hábiles, excluindo do cómputo os domingos e os declarados festivos.
- b) **hábiles, excluindo do computo os sábados, domingos e os declarados festivos.**
- c) naturais.
- d) inhábiles.

**9. Exceptúanse da obriga de dictar resolución expresa:**

- a. unicamente os supostos de terminación do procedemento por pacto ou convenio.
- b. unicamente os procedementos relativos ao exercicio de dereitos sometidos ao deber de declaración responsable ou comunicación á Administración.
- c. Non existe excepción á obriga de dictar resolución expresa.
- d. **os supostos de terminación do procedemento por pacto ou convenio, así como os procedementos relativos ao exercicio de dereitos sometidos únicamente ao deber de declaración responsable ou comunicación á Administración.**

**10. Serán motivados os actos (sinale a opción incorrecta):**

- a) que se separen do criterio seguido en actuacións precedentes.
- b) que limiten dereitos subxectivos.
- c) que rexeiten probas propostas polos interesados.
- d) **Todos os actos deben ser motivados.**

**11. Sinale a resposta correcta:**

- a) Os actos das Administracións Públicas suxeitas a Dereito Administrativo se presumirán válidos e producirán efectos dende a data da publicación ou notificación, salvo que se dispoña outra cousa.
- b) **Os actos das Administracións Públicas suxeitas a Dereito Administrativo se presumirán válidos e producirán efectos dende a data en que se ditén, salvo que neles se dispoña outra cousa.**
- c) Os actos das Administracións Públicas suxeitas a Dereito Administrativo se presumirán válidos e producirán efectos en función do disposto en cada caso.
- d) Os actos das Administracións Públicas suxeitas a Dereito Administrativo non se presumirán válidos pero producirán efectos dende a data en que se ditén, salvo que neles se dispoña outra cousa.

**12. O prazo máximo en que debe cursarse a notificación é de:**

- a) dez días dende a data en que o acto fose ditado.
- b) un mes dende a data en que o acto fose ditado.
- c) tres meses dende a data en que o acto fose ditado.
- d) Non hai prazo máximo.

**13. As copias auténticas:**

- a) terán a mesma validez e eficacia que os documentos orixinais sempre que se trate de documentos non electrónicos.
- b) terán a mesma validez e eficacia que os documentos orixinais.
- c) terán a mesma validez e eficacia que os documentos orixinais sempre que vaian acompañadas destes últimos.
- d) terán a mesma validez e eficacia que os documentos orixinais durante o ano seguinte ao da súa expedición.

**14.- As notificacións que, contendo o texto íntegro do acto, omitisen algún dos demais requisitos previstos no art. 40.2 da Lei 39/2015, surtirán efecto:**

- a) a partir da data en que o interesado realice actuacións que supoñan o coñecemento do contido e alcance da resolución ou acto obxecto da notificación, ou interpoña calquera recurso que proceda.
- b) non surtirán efecto ao ser unha notificación inválida.
- c) a partir dos 10 días seguintes da súa posta a disposición na oficina de correos ou no concello.
- d) a partir da data en que o interesado realice actuacións que supoñan o coñecemento do contido e alcance da resolución ou acto obxecto da notificación.

**15.- Segundo o art. 22 da Lei 7/1985, é competencia de pleno a seguinte materia:**

- a) aprobación de Regulamento Orgánico e ordenanzas fiscais
- b) aprobación de todo tipo de Regulamentos e Ordenanzas
- c) aboar as nóminas.
- d) Xefatura da Policía

**16.- Nos procedementos iniciados de oficio, segundo a Lei 39/2015, existe a obriga de resolver?**

- a) nunca.
- b) sempre existe esta obriga para as administracións públicas.
- c) existe se o solicita o interesado.
- d) so si non se agotou o prazo máximo para resolver e notificar a resolución.

**17.- Con cales destas ordenanzas non fiscais conta Concello de Cabana de Bergantiños**

- a) Ordenanza reguladora de mercado ambulante.
- b) Ordenanza reguladora de ocupación de dominio público.
- c) Ordenanza reguladora da administración electrónica municipal.
- d) Ordenanza reguladora de limpeza de fincas.

**18.- O Regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento do Concello de Cabana de Bergantiños ten por obxecto recoller, entre outros, o ámbito de aplicación de prezos e tarifas?**

- a) No. Esa cuestión régúlase exclusivamente na Ordenanza Fiscal correspondente.
- b) Si**
- c) Só o recolle en relación a determinados casos.
- d) So o recolle en relación ás exencións e bonificacións.

**19.- As declaracións responsables do inicio de actividades comerciais polo miúdo están suxeitas á tramitación prevista nalgunha Ordenanza municipal?**

- a) Non.
- b) O Concello de Cabana de Bergantiños non ten regulación ao respecto.
- c) Si. Sométense á Ordenanza municipal reguladora do exercizo de actividades de apertura de establecementos e realización de determinadas obras previas.**
- d) Si. Sométense á Ordenanza reguladora de licenza de primeira ocupación do Concello de Cabana de Bergantiños.

**20.- Iniciado o procedemento administrativo, o órgano que inicie ou tramite un procedemento poderá dispoñer a súa acumulación con outros que garden identidade substancial ou íntima conexión:**

- a) Se o procedemento foi iniciado de oficio
- b) Se o procedemento foi iniciado a instancia de parte
- c) Calquera que fose a súa forma de iniciación, sempre que se trate de asuntos do mesmo expediente
- d) Calquera que fose a súa forma de iniciación, sempre que sexa o mesmo órgano que deba tramitar e resolver o procedemento.**

**21.- Que tipo de contrato administrativo pode conter como contido, entre outros, a obriga do contratista de “proxectar, executar, conservar, repoñer e reparar aquelas obras que sexan accesorias ou estean vinculadas coa principal e que sexan necesarias para que esta cumpra a finalidade determinante da súa construción e que permitan o seu mellor funcionamento e explotación, así como a efectuar as actuacións ambientais relacionadas coas mesmas que nelas se prevexa”, segundo a Lei 3/2011, de 14 de novembro, Texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)?**

- a) Contrato de obra
- b) Contrato mixto de obra e subministro
- c) Contrato de concesión de obra pública**
- d) Contrato mixto de obra e concesión de obra pública.

**22.- Segundo o art. 138.2 do TRLCSP, as adxudicacións dos contratos realizaranse ordinariamente:**

- a) Utilizando o procedemento negociado nos supostos previstos nos art. 170 a 175, ambos inclusive, e nos casos previstos no art. 180 poderá recorrirse ao diálogo competitivo.
- b) Utilizando o contrato menor cando non supere o límite de 50.000,00 € para obras e 18.000 para o resto de contratos. Poderase utilizar o procedemento negociado nos supostos previstos nos art. 170 a 175, ambos inclusive, e nos casos previstos no art. 180 poderá recorrirse ao diálogo competitivo.
- c) Utilizarase o procedemento aberto ou o procedemento restrinxido. Nos supostos enumerados nos artigos 170 a 175, ambos inclusive, poderá seguirse o procedemento negociado, e nos casos previstos no artigo 180 poderá recorrerse ao diálogo competitivo.
- d) Dependerá do orzamento de contratación.

**23.- Segundo a Lei de Transparencia 19/2013, do 9 de decembro se a información solicitada poidera afectar a dereitos de terceiros debidamente identificados:**

- a) Se lles comunica a esos terceiros identificados a solicitude de información e se continúa o procedemento.
- b) Se lles comunica a esos terceiros identificados a solicitude de información outorgándolle o prazo de 15 días para realizar alegacións oportunas
- c) Concederáselles un prazo de quince días, aos terceiros identificados, para que poidan realizar as alegacións que estimen oportunas. O solicitante deberá ser informado desta circunstancia, así como da suspensión do prazo para ditar resolución ata que fosen recibidas as alegacións ou transcorrese o prazo para a súa presentación.
- d) Concederáselles un prazo de dez días, aos terceiros identificados, para que poidan realizar as alegacións que estimen oportunas. O solicitante deberá ser informado desta circunstancia, así como da suspensión do prazo para ditar resolución ata que fosen recibidas as alegacións ou transcorrese o prazo para a súa presentación.

**24.- Segundo o art. 18 da Lei de Transparencia 19/2013, inadmitiranse a trámite as seguintes solicitudes:**

- a) Nunca se pode inadmitir a trámite ningunha solicitude.
- b) Referidas a información que teña carácter auxiliar ou de apoio como a contida en notas, borradores, opinións, resumos, comunicacións e informes internos ou entre órganos ou entidades administrativas, salvo que se trate de información que esté en vía xudicial e o particular solicite o acceso.
- c) Referidas a información que teña carácter auxiliar ou de apoio como a contida en notas, borradores, opinións, resumos, comunicacións e informes internos ou entre órganos ou entidades administrativas, salvo que decida sobre o fondo do asunto.
- d) Referidas a información que teña carácter auxiliar ou de apoio como a contida en notas, borradores, opinións, resumos, comunicacións e informes internos ou entre órganos ou entidades administrativas.

**25.- Segundo o art. 22 da Lei de transparencia o acceso á información realizarase preferentemente:**

- a) Por vía electrónica, salvo cando non sexa posible ou o solicitante sinalase expresamente outro medio. Cando non poida darse o acceso no momento da notificación da resolución deberá outorgarse, en calquera caso, nun prazo non superior a dez días.
- b) Presencialmente. De forma accesoria poderase enviar por vía electrónica.
- c) Por vía electrónica, salvo cando non sexa posible e o solicitante sinalase expresamente outro medio. Cando non poida darse o acceso no momento da notificación da resolución deberá outorgarse, en calquera caso, nun prazo non superior a dez días.
- d) Segundo esté establecido para cada tipo de procedemento.

## **PREGUNTAS DE RESERVA**

### **1.- Os interesados nun procedemento podrán aducir alegacións:**

- a) En calquera momento do procedemento anterior a súa resolución
- b) En calquera momento do procedemento, con anterioridade ao trámite de audiencia
- c) Soamente no caso de que a falta de alegacións poidera producir indefensión.
- d) Non se regula esta posibilidade en la Lei 39/2015.

### **2.- A competencia para ditar bandos segundo o art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local correspóndelle a:**

- a) Alcalde.
- b) Xunta de Goberno.
- c) Pleno.
- d) Xefe de obras.

### **3.-Constitúe o feito imponible do Imposto sobre construcións, instalación, e obras (ICIO):**

- a) a realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra, para a que se esixa a correspondente licenza de obras ou urbanística (obtéñase ou non), sempre que a súa expedición corresponda ao Concello de Cabana de Cabana de Bergantiños.
- b) a realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra independentemente de que se sexa necesaria ou non, licenza de obras ou urbanística.
- c) a realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra, sempre que estea incluída no catálogo de actuacións susceptibles de imposición recollidas no anexo da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.
- d) a solicitude para a realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra.

### **4.- Contra o acordo que resolva sobre a ampliación de prazos, que deberá ser notificado aos interesados:**

- a. procederá o recurso de alzada.
- b. procederá o recurso potestativo de reposición.
- c. procederá o recurso preceptivo de reposición.
- d. non procede recurso

**5. os límites cuantitativos dos contratos menores, segundo o TRLCSP son:**

- a) 50000 € para obras e 18000 para os demais contratos.
- b) 18000 € para subministracións e servicios; 50000 para os demais contratos.
- c) Segundo o tipo de procedemento.
- d) Non existen límites cuantitativos; simplemente debe quedar xustificado no expediente que por motivos de celeridade se tramitará un contrato menor.